



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA
7 DE FEBREIRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Área Metropolitana
3. Obras en Cedeira
4. Orzamentos participativos 2017
5. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.
6. Rogos e preguntas

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e dez minutos, do día sete de febreiro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ANA MARIA ALONSO ALONSO

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

BNG - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

AER - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

CARLOS COVELO SOLLA

JUAN BAUTISTA BLANCO en substitución de ANTONIO LORES FRANCO

JACINTO GIMÉNEZ LAGO

XAQUÍN MIGUEL LÓPEZ COLLAZO

ASOCIACIÓN CULTURAS:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA



CONCELLO DE REDONDELA

COMUNIDADE DE AUGAS:

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

JOSÉ CABALEIRO CABALEIRO

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MERCEDES LESTÓN LÓPEZ

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ÁLVAREZ DOS SANTOS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María del Carmen Amoedo Dasilva, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cedeira convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 18.03.2016.

O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

2. Área Metropolitana

A Presidenta explica as vantaxes da Área Metropolitana, xa se concederon 4.000 tarxetas azuis do transporte metropolitano, sae a 0,85 euros, o que supón un aforro importante para os usuarios.

Explica que o Concello de Vigo o 06.07.2016 asina o Convenio de adhesión ao transporte metropolitano, polo que os trasbordos na zona de Vigo serían gratuitos nunha franxa de tempo. E despois de firmalo, o Alcalde de Vigo, di que non está disposto a cumprilo.

Ao mesmo tempo, se firma a Área Metropolitana.

O Concello de Redondela entende prioritario o transporte metropolitano e todos os cidadáns son iguais, non debe haber distincións, polo que non continúa coa Área Metropolitana mentras non se poña o transporte metropolitano. O Concello leva ano e medio pagando por ese Convenio e o Alcalde de Vigo o ten que cumprir igual que os demais Concellos.

Continúa dicindo que a Área Metropolitana incluíría máis servizos como asistencia de emerxencias, recollida do lixo, etc, que poderían ser compartidos. Entenden que a Área Metropolitana non está constituída legalmente mentras non se constituía o



CONCELLO DE REDONDELA

transporte metropolitano. O alcalde de Vigo tivo tempo dabondo para revisar o Convenio.

Dona Mercedes Lestón López, representante das asociacións deportivas, explica como usuaria o funcionamento da tarxeta azul.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, di que se invite ao alcalde do Concello de Vigo a Redondela e lle explique aos veciños a súa opinión.

Don Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, comenta que non vai poñer problemas por debater cousas da Área Metropolitana no Consello. Di que o PP meteu ao Concello nun problema, a Área Metropolitana é moi importante para acercarse aos cidadáns, servizos, emerxencias, residuos, augas etc e que ata dentro duns dous anos está bloqueada e priman os intereses partidistas. O BNG apostou por dar pasos para que se contituira e o Convenio hai que obrigar a que se cumpla. Outros Concellos que asisten a Área Metropolitana poderán negociar o tema do transporte e Redondela ao quedar fóra non.

A Presidenta lle contesta que é un tema de interese para o Consello e os cidadáns deben saber o tema do transporte e por qué ao chegar a Vigo non poderán usar a tarxeta. O Concello firmou o Convenio e o cumpriu, o alcalde de Vigo, non o cumpriu. O alcalde de Redondela está do lado dos redondeláns, tomou ese decisión como medida de presión e está esixindo que se cumpra o asinado.

Don Alfonso Blanco Pérez, representante de AER, indica que os únicos que votaron que non foi AER o resto votou a favor ou se foron da xuntanza e os vigueses teñen igualmente a tarxeta metropolitana. Abel Caballero actúa así porque dende o principio xa non se fixeron as cousas ben. Continúa dicindo, con respecto a que non lle fan o xogo non asistindo as reunións, que con todo o poder que lle deron ao Concello de Vigo e cos demais Concellos que están asistindo, xa lles chega para seguir adiante coa Área Metropolitana. E agora o Concello de Redondela está sen representación. Estase incumprindo o punto 3 do acordo do Pleno do 12 de xaneiro de 2016 onde o alcalde, representante do Concello de Redondela na xunta de goberno da Área Metropolitana, defenderá os acordos que se adopten ao respecto de cada tema por parte do Pleno do Concello de Redondela.

A Presidenta explica que o Concello paga 28.000 euros ao ano polas tarxetas.

Don Alfonso Blanco Pérez, pide como representante de AER, que se cumpla co que votaron no Pleno e asistan á Área Metropolitana, para que se deixe de dicir que é unha loita entre o PSOE e o PP.

A Presidenta volve explicar que non asisten porque entenden que non está legalmente constituída ao non aplicar o transporte metropolitano. Cando Abel Caballero cumpla coa súa palabra asistirán.

Dona María del Carmen Alonso Lago, representante do PSdeG-PSOE, comenta que a Área Metropolitana e o transporte metropolitano están separados. Lle indica á Presidenta que non van como partido senón como parte de Redondela. Que a Área Metropolitana xa está aberta e que abarca outros puntos non só o transporte



CONCELLO DE REDONDELA

metropolitano, polo que deberían haber levado ao contencioso só a parte do transporte metropolitano.

Para rematar, dona Ana María Alonso Alonso, representante do PP, di que non hai unha Área Metropolitana que non teña transporte metropolitano, na maioría das grandes cidades funcionan e o transporte é unha parte fundamental. Entende que Abel Caballero é a persoa que impide o funcionamento da Área. O resto dos Concellos están poñendo a parte correspondente dos orzamentos e Vigo tamén debe pagar a súa parte.

3. Obras en Cedeira

A Presidenta informa da obra da Baixada á Estación, está en marcha e estase buscando unha solución, baixe facer un proxecto complementario para recoller todas as augas que baixan. Agora está xerando problemas porque hai un nacente de auga importante que se está canalizando para intentar mellorar o que hai ata agora.

Don Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pregunta se o transporte pesado vai baixar por alí.

A Presidenta lle contesta que non, iso é o que se quere evitar. Se vai facer un proxecto complementario para que quede mellor.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, comenta que no último Consello á asociación de veciños tiña unha relación de cousas e pedían unha cita co alcalde para tratar eses temas.

Ademais, o Sr. Covelo Solla continúa dicindo que a parroquia de Cedeira ten un litoral marítimo bastante grande e leva sufrindo moitas agresións. Agora o que se pretende e quitar as escolleras, que están próximas a un século, e teñen un sentido fundamental, canalizar o río para que non desemboque ao libre albedrío. A Confraría di que as escolleras están contribuindo á perda de area na praia de Cesantes, o fango na zona da Telleira, etc. Cando o problema é que a Depuradora non ten capacidade e pasa o que pasa. Indica así mesmo, que o colector da zona da Portela segue sen conectarse e as casas están vertendo ao mar.

A Presidenta explica que xa se lles esixiu aos veciños que se conecten pero parece que ao non haber sancións pasan de conectarse.

A Presidenta continúa dicindo, en relación co tema do litoral, que se lles enviará por correo electrónico, a convocatoria dunha xuntanza que haberá con Portos de Galicia para presentar un estudo pormenorizado desa zona sobre o que está pasando alí.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, opina que o problema é dende que se contruíu a empresa do granito e eles comprobaron como na zona da "Rejasenta" subiu o nivel do mar.

A Presidenta lle indica que se convocará a todo o Consello para esa xuntanza. Hubo un Consello de Medio Mariño para explicar iso, a retirada da escollera etc e aínda faltan moitos kms. por percorrer.



CONCELLO DE REDONDELA

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, solicita unha reunión co alcalde para tratar os temas da asociación.

A Presidenta informa das seguintes obras:

- Obras do río Maceiras, xa se presentou un proxecto para o último tramo.
- Se reparou a Senda da Auga.

En relación a isto, Don Bernardo Álvarez Dos Santos, representante da comunidade de montes, explica que os tubos da auga da traida perden, e polos tubos de drenaxe que colocaron sae auga como se foran unhas fontes. O firme si se mellorou, xa non hai charcos.

- Reparación do muro da Formiga.
- Reparación da zona do Cristo e Pocharel.

Don Alfonso Blanco Pérez, representante de AER, pregunta sobre os vertidos na finca onde o río Maceiras, se se está facendo algo porque continúan recheando.

A Presidenta lle contesta que xa fixo un informe o vixilante de obras, sacou unhas fotos, falou co propietario e se lle pediu que retire todo iso.

Don Juan Bautista Blanco, representante da asociación veciñal, pregunta se os accesos onde o Alcampo xa están reparados e polo sendeiro detrás da de Faneco.

A Presidenta lles informa que se fixo unha memoria valorada no sendeiro na zona de Tau e despois do Alcampo ata as casas. Se necesita a autorización dos veciños porque é un sendeiro de pes, non é público. Se fixo unha memoria valorada de 10.000 euros dos dous tramos.

Don Xaquín Miguel López Collazo, representante da asociación de veciños, avisa dun nido de avespas asiáticas no camiño da Maceira.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, comunica que o sinal de estrada sen saída no Cotarelo o colocaron mal, teñen que poñelo antes para que a xente xa non baixe, facilita un plano explicándoo.

A Presidenta continúa explicando as obras:

- Se cambiou o contenedor do lado do restaurante Lemos, se fixo a base e se cambiou para o outro lado.
- Arranxouse o camiño San Pote.
- Informa do proxecto de saneamento dende O Cruceiro ata a nave de Alcampo, o tramo da nacional uns 900 mts. de alcantarillado presupostado nuns 178.000 euros e lles ensina os planos co trazado en vermello.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, lle comunica o problema da auga debaixo do túnel. Así como, lle informa que na lista das fontes que se lles facilitara faltan fontes de Cedeira.

4. Orzamentos participativos 2017



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta lles informa que, se pretenden investir en máis actuacións que non sexan obras, que o decidan entre todos e unha vez acordado se lle plantexará ao Interventor municipal para ver como se pode facer. Lles indica que vaian pensando en que investir os orzamentos para tratalo no próximo consello.

Don Juan Bautista Blanco, representante da asociación veciñal, pregunta como van solucionar os problemas de debaixo do tunel e solicita que bacheen a zona de baixada do Tunel.

A Presidenta lle contesta que levarán a un técnico para ver como poden solucionar o tema da auga alí e avisará a concelleira de vías e obras, M^a José, para tapar os baches.

O Sr. Bautista Blanco, explica que o problema no tunel foi dende que meteron o alcantarillado que tapoaron as saídas da auga, pero ten solución.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, solicita que se comunique aos propietarios das parcelas que limpen unha franxa para que non se ensucien as cunetas.

A Presidenta lle contesta que se está controlando bastante a limpeza de parcelas e obrigando aos propietarios a limpalas. O próximo mércores, se celebrará o Consello Forestal onde se dirán as faixas de protección para a prevención dos incendios forestais, para facilitar a localización dos propietarios dos terreos e adoptar as medidas necesarias para a prevención.

O Sr. Covelo Solla, lle comunica que lle van a solicitar a ADIF que limpe as súas parcelas.

5. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.

A Presidenta expón que se lles deu traslado do borrador do Regulamento para que lle boten unha ollada e no próximo consello se debata. En cada artigo ven explicada a modificación, e se queren aportar algo ou modificar se tratará no seguinte consello.

6. Rogos e preguntas

Comeza Don Vicente Lamas Guisande, representante das asociacións culturais, expoñendo os seguintes asuntos:

- 1.- Reitera a petición dun taboleiro de anuncios no Cruceiro.
- 2.- O perigo do paso de "Penillo".

En relación a isto, a Presidenta lle comunica que o paso o ten que autorizar Fomento.

3.- A desaparición dos rótulos indicativos nas zona de Mercadona dende que fixeron as obras.

4.- O pagamento da subvención de participación cidadá do ano 2015 seguen sen aboarlla e están fartos de acudir a todas as portas.

5.- Ademais, quere trasladar que a Concellería de Cultura en 2016 non lles deu nin un céntimo, fixeron unhas bases que son imposibles de xustificar por iso non conseguiron nin un euro. Piden que modifiquen as bases.



CONCELLO DE REDONDELA

En relación a este asunto, a Presidenta lle contesta que as bases non están moi adaptadas ás actividades que se fan normalmente nos centros culturais e se van a modificar, dun xeito que sexa máis fácil para xustificalo.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, comunica que o letreiro do camiño da Portela está borrado.

Don Bernardo Álvarez Dos Santos, representante da comunidade de montes no camiño das Grilas asfaltaron un trozo e non hai saída e non pasa nada, que a concelleira de vías e obras, M^a José, o vaia a mirar.

O do camiño do Cristo, a presidenta explica que vai por tramos.

Don Xaquín Miguel López Collazo, representante da asociación de veciños, pregunta prazos e datas para o saneamento do Canabal, pois o colector xa se pode facer.

A Presidenta lles informa que o problema é que hai que pasar por unhas fincas privadas e a xente non dá permiso e hai que expropiar. É un tema moi complexo e a concelleira de vías e obras, M^a José, está buscando unha solución.

Ademais, lle indica ao Sr. Covelo Solla, que para a semana na xuntanza co alcalde xa se falarán todas as peticións da asociación.

Don Jacinto Giménez Lago, representante da asociación de veciños, comunica que no camiño da Portela terminando na avenida Alvedosa, donde a torreta de Fenosa, se lle comeu un trozo. Comunica o mal estado do túnel antigo e o mal estado do asfalto da ponte por riba da vía do tren. Así mesmo, solicita que na curva da Portela, de entrada a Redondela, se lle dé solución ao estacionamento dos coches, que a policía multe etc.

A Presidenta, en relación a este último tema, lle contesta que se trata dun problema de civismo, se puxeron uns pivotes e os arrancaron.

En relación co túnel se vai a facer un proxecto para tapar o túnel e facer un recheo. Onde se encharca o problema é de ADIF, xa que por debaixo van unhas canaletas co tendido eléctrico de ADIF, habería que mover ese cableado para que a auga saía para outro lado.

Don Carlos Covelo Solla, representante da asociación de veciños, lle indica que se podería colocar unha plataforma e que a auga circule por debaixo.

Ademais, avisa que na fonte onde o cruceiro aparcan todos os pais a coller os nenos do colexio e non pasan os coches.

En relación a ese último punto, a Presidenta lles propón como solución pintar unha liña amarela para que no aparquen os coches.

Dona María del Carmen Alonso Lago, representante do PSdeG-PSOE, pregunta se se pode mellorar a saída cara a farmacia e cara a Redondela que falta visibilidade.



CONCELLO DE REDONDELA

Don Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pregunta, en relación a unha reunión coa Autoridade Portuaria, polas obras para mellorar o acceso e a explanada de Rande.

A Presidenta lle contesta ao representante do BNG que calquera actuación de mellora da baixada a Vieira para a explanada ten que ter claro o espazo de aparcamento para Meirande, non só mellorar o acceso.

O Sr. González Campo, pregunta sobre unha moción que se levara ao Pleno, onde o PP pedía o cambio da depuradora.

A Presidenta lle contesta que pediron a Xunta que faga un estudo para instalar unha depuradora con instalacións máis modernas noutro emprazamento máis adecuado.

Don Xoan Carlos González Campo, representante do BNG, pregunta polas bases da Deputación para a xestión dos Montes.

A Presidenta lle contesta que se tratará no Consello Forestal o próximo mércores.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.